

Rúbrica: Propostas para mellorar o centro

Nome: Data:

	4 Foi ben porque...	3 Fíxose ben porque...	2 Custou un pouco porque...	1 Hai que mellorar porque...
Organización do equipo	O grupo organiza tarefas de forma autónoma, equitativa e eficiente. Todas as persoas integrantes teñen un papel claro.	O grupo reparte as tarefas con algunha axuda. A maioría ten unha función clara.	O reparto é desigual ou pouco claro. Hai confusión nos roles.	O grupo non logra organizarse nin repartir tarefas de forma efectiva.
Participación e colaboración	Todas as persoas integrantes colaboran activamente, achegan ideas e escoitan aos demais.	A maioría participa e colabora de forma respectuosa.	Algúns membros colaboran, pero hai falta de participación xeral.	A colaboración é moi limitada ou inexistente. Hai conflitos frecuentes.
Investigación e análise do tema	A información é relevante, ben estruturada e adaptada ao tema asignado (ex: reciclaxe, recreos pacíficos...).	A información é útil aínda que con algunhas carencias.	Información escasa ou pouco relevante.	Información incorrecta ou fóra de contexto.
Propostas realistas e creativas	Presentación de ideas moi ben pensadas, realistas, orixinais e adaptadas á realidade do colexio.	As propostas son viables e axeitadas.	Algunhas propostas son pouco realistas ou pouco desenvolvidas.	Non hai propostas claras ou non se adaptan ao contexto escolar.
Resolución de conflitos e convivencia	Os desacordos resólvense de maneira autónoma, pacífica e respectuosa.	Os conflitos resólvense con algo de axuda da persoa docente.	Precísase moita axuda para resolver conflitos.	Non se resolven os conflitos ou actúase de forma negativa no grupo.
Presentación do proxecto	O traballo explícase con claridade, confianza e uso correcto da lingua galega. Usan materiais de apoio (carteis, maquetas...).	A presentación é clara e comprensible, con poucos erros.	Presentación pouco clara ou desorganizada.	Non hai presentación ou faise de forma moi confusa.
Implicación e compromiso	Demóstrase interese, responsabilidade e constancia ao longo do proceso.	Implicación boa, pero puntual.	Móstrase interese irregular.	Faltan compromiso e continuidade no traballo.



“Rúbrica: Propostas para mellorar o centro”, do proxecto cREAgal publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0.](#)